



## Gastos varios -derroches- do Concello

Neste Concello que tanto presume de xestión, cando a realidade é que o pobo cae en economía, emprego e poboación, temos diferentes gastos que recollen claramente cales son a prioridade política do Grupo de Goberno:

### 1º Gastos en medios de comunicación, ano 2013: 102.200 Euros.

Cantidade a repartir entre catro grupos de comunicación galegos, deles, un recibiu 66.000 Euros, logo non é de sorprender que sempre dulcifique as noticias de As Pontes, mesmo sobre a última Feira do Grelo chegou a dicir que fora un éxito, cando todo o pobo sabe que foi un desastre de público; pero como anécdota curiosa temos a dun xornal que publicou unha noticia negativa sobre a xestión do Alcalde e a Licenza do Lago e, pouco despois, o Concello púxolle publicidade e así remataron as críticas.

Estes suntuosos gastos en publicidade convérten en tertuliano de televisión a calquera.

## **2º Vixiancia Polígonos, de maio a decembro de 2013: 15.000 Euros.**

Logo de paralizar dúas prazas de policía municipal, e ter aos opositores esperando polo exame, o Concello contrata a unha empresa privada a vixiancia dos Polígonos Industriais.

## **3. Libro Alcaldes de As Pontes: 29.839,23 Euros.**

O Concello comprou 600 libros, que supuxo 18.720 Euros (30 Euros por libro + 4% de IVE). Sorprende a cantidade por IVE, pois o libre vendeuse no Alovi por 30 Euros xustos.

Ademais, pagou 6.000 Euros a unha imprenta, en concepto de colaboración na impresión.

E 5.119,23 Euros pola presentación no Alovi. Acto realizado para maior gloria do actual Alcalde.

Do rigor histórico dese libro preferimos non facer comentarios, xa o tempo o cualificará.

## **4. Despedimentos e indemnizacións: 34.062,82 Euros.**

Polo despedimento de 3 traballadores/as, que logo gañaron xudicialmente o despido improcedente, nalgún caso, un xeito de entrar no Concello pola porta de atrás, houbo que pagar salarios de tramitación e costas por un valor de máis de 34.000 Euros.

## **5. Coche usado para un Concelleiro: 10.000 Euros.**

Este Grupo de Goberno aprobou a dediciación exclusiva para tres concelleiros e para un asesor (é un misterio saber para que precisan un asesor cando teñen 12 concelleiros/as), e agora a outro concelleiro ponlle coche todoterreo, como os de Endesa (ver foto), para uso diario e con todos os gastos a conta do Concello.

A pregunta que nos facemos é como funcionaba antes este Concello, con máis poboación e máis movemento económico e, sen embargo, non precisaba de todos estes gastos.

